



*Nun 'almorzo dixital', organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia, o responsable de "Alianzas IoT e transformación dixital" de R explicou os retos do comercio electrónico*

## **“O negocio dixital revolucionou a relación empresa cliente ”**

- *Alberto Díaz Freire, responsable de 'Alianzas, IoT e transformación dixital' para empresas de R, analizou esta mañá os retos e posibilidades que ofrece o ecommerce cunha meirande parte da poboación “hiperdixitalizada” tras a pandemia*
- *“No último ano, o cambio para consumidores/as e comercios ten sido incuestionable, cun salto cuantitativo e cualitativo exponencial xa que en 10 meses tense avanzado tanto como na última década”*
- *Durante o 'almorzo dixital R', organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia, no que participaron máis de 70 persoas, afondouse en aspectos fundamentais para afrontar unha estratexia de comercio electrónico que vai máis alá dunha simple transacción económica*
- *O operador galego continúa acompañando ás empresas galegas nos seus procesos de dixitalización, neste caso centrada na posta en marcha dos canais para venda online*

**Mércores, 23 de xuño de 2021.-** Baixo o título “*A mellor estratexia para desenvolver o teu ecommerce*” esta mañá celebrouse unha nova sesión de “almorzo dixital R”, organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia, un encontro virtual con Alberto Díaz Freire, responsable de 'Alianzas, IoT e transformación dixital' para empresas de R, no que participaron máis de **70 profesionais**.

A xornada serviu para analizar os cambios no uso do comercio electrónico, unha tendencia en crecemento desde fai anos, que ten sido acelerada de xeito exponencial pola pandemia converténdose nunha ferramenta case

obrigatoria para todos os sectores, non só como tenda virtual, senón para achegar os produtos a clientes/as por medio dun novo canal, o dixital.

Durante a sesión desta mañá detalláronse os principais requisitos para desenvolver unha estratexia de *ecommerce* e os pasos a seguir para que esta teña éxito, un eido no que Díaz Freire “*nestes momentos de cambio, unha panca diferencial do comercio electrónico é lograr unha óptima convivencia entre experiencia de compra física e online*”.

Outro dos eixos nos que se fixo especial fincapé foron os relacionados coa loxística necesaria (transporte, pagos, entregas...) que as empresas deben cubrir para que a experiencia do *ecommerce* teña éxito para ambas partes.

Neste sentido, Alberto Díaz subliñou “*a necesidade de ter un software tecnolóxico adaptado aos distintos sectores, que permita ter o control sobre todo o proceso, tanto no momento da venda como no post*”.

O uso de plataformas existentes e os seus riscos e vantaxes foi outro dos puntos destacadas nunha xornada na que tamén se puxo de manifesto a necesidade de que todas as empresas, teñan o tamaño que teñan, inicien a súa transformación dixital, xa que “*a necesidade de ter o formato online como un dos canais de contacto cos clientes/as ten chegado para quedarse, o que está significando unha revolución na forma de conectarse con eles/as*”, indicou o responsable de **R**.

## **Encontros para o tecido empresarial galego**

A xornada “*A mellor estratexia para desenvolver o teu ecommerce*” enmárcase dentro do ciclo Almorzos **R** e no marco de colaboración co Círculo de Empresarios de Galicia ao abeiro do cal a compañía de telecomunicacións ten previsto un programa formativo orientado á innovación e á transformación dixital no contexto actual nos que convén profundar.

Neste eido, estanse a desenvolver -e así seguirá sendo nos próximos meses- un amplo programa de contidos sobre realidade aumentada e virtual, chatbots, Internet das Cousas (IoT), Big Data, blockchain ou ciberseguridade, entre outros temas.

## **SUMARIOS**

***“O comercio electrónico ten avanzado tanto en 10 meses como na última década”***

***“É clave contar cun soporte e un socio tecnolóxico que acompañe nesa transformación dixital para que a experiencia ecommerce sexa exitosa”***

**Comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)